



Guía Docente				
Datos Identificativos				2013/14
Asignatura (*)	Literatura Galega	Código	613G02012	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	Anual	Segundo	Obrigatoria	9
Idioma	Galego			
Prerrequisitos				
Departamento	Galego-Portugués, Francés e Lingüística			
Coordinación	Tato Fontaiña, Laura	Correo electrónico	laura.tato@udc.es	
Profesorado	Eirin García, Leticia López-Iglesias Sanmartín, Roberto Tato Fontaiña, Laura	Correo electrónico	leticia.eirin@udc.es roberto.samartin@udc.es laura.tato@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Esta materia consiste nun estudo da literatura galega a través dos seus textos máis representativos.			

Competencias da titulación	
Código	Competencias da titulación

Resultados da aprendizaxe			
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)			Competencias da titulación
Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria.	A1		
Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual.	A2		
Coñecer as correntes teóricas da lingüística e da ciencia literaria.	A3		
Elaborar textos orais e escritos de diferente tipo en lingua galega, española e inglesa.	A9		
Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada.	A10		
Ser capaz para identificar problemas e temas de investigación no ámbito dos estudos lingüísticos e literarios e interrelacionar os distintos aspectos destes estudos.	A14		
Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica.	A15		
Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.		B1	
Manexar ferramentas, programas e aplicacións informáticas específicas.		B2	
Adquirir capacidade de autoformación.		B3	
Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas.		B5	
Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.		B7	
Apreciar a diversidade.		B8	
Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.		B9	
Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.			C3
Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.			C4
Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.			C6
Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.			C7
Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.			C8



Contidos	
Temas	Subtemas
1. Caracterización da Literatura Galega	1.1 Periodización. Cuestións metodolóxicas.
2. Literatura Medieval Galego-Portuguesa.	2.1 Lírica profana. Caracterización Xeral. 2.2 O amor cortés. Cantiga de amor. 2.3 Cantiga de amigo. 2.4 Cantiga de escarnho e maldizer. 2.5 Lírica relixiosa. Cantigas de Santa María 2.6 A prosa medieval.
3. Literatura Galega nos séculos XVI-XVIII.	3.1 Séculos Escuros. Ilustración galega.
4. O Primeiro Renacemento.	4.1 Contextualización histórica. Período Precursor. 4.2 Rosalía de Castro (I). 4.3 Rosalía de Castro (II). 4.4 Eduardo Pondal. 4.5 Manuel Curros Enríquez. 4.6 A prosa e o teatro. Período Intersecular.
5. O Segundo Renacemento	5.1 As Irmandades da Fala. A renovación do sistema. 5.2 Grupo Nós. Vicente Risco. 5.3 Grupo Nós. Ramón Otero Pedrayo. 5.4 Grupo Nós. Afonso R. Castelao. 5.5 A xeración das Vangardas. Manuel Antonio. 5.6 O exilio. A recuperación cultural da posguerra. 5.7 A recuperación da narrativa. E. Blanco-Amor. 5.8 A poesía. Movementos e autores. 5.9 Da Nova Narrativa á narrativa do século XXI. 5.10 A refundación do teatro. Obras e autores.

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	9	17	26
Análise de fontes documentais	8	10	18
Lecturas	0	30	30
Prácticas a través de TIC	28	17	45
Recensión bibliográfica	1	8	9
Sesión maxistral	30	46	76
Presentación oral	1	6	7
Proba mixta	4	8	12
Atención personalizada	2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	Prácticas na rede para que o alumnado se inscriba e coñeza o funcionamento das bases de datos de Literatura Galega que necesitará para realizar o seu traballo posterior.
Análise de fontes documentais	Lectura, análise e comentario de códices, textos e paratextos (xornalísticos, narrativos, poéticos, dramáticos, públicos, privados, correspondencia...).
Lecturas	No Paso 8 desta Guía, está a relación de obras que o/a alumno/a debe ler ao longo do curso.



Prácticas a través de TIC	O alumnado deberá utilizar os recursos en rede que se inclúen no Paso 8 desta Guía para a realización de traballos que esixen a consulta desas bases de datos.
Recensión bibliográfica	Texto escrito en que o alumnado comentará, seguindo un roteiro fornecido polo profesorado, algunhas das obras de lectura obrigada.
Sesión maxistral	Sesións de traballo en que o profesorado explica a contextualización e os elementos necesarios do temario para que o alumnado poda desenvolver o seu traballo posterior.
Presentación oral	Exposicións orais, na aula, en que cada alumno/a realizará a análise e comentario dalgunha das obras de lectura obrigada.
Proba mixta	Proba escrita que combinará actividades de carácter ensaístico, de análise de fontes....

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Recensión bibliográfica Lecturas	Durante as horas de atendimento do profesorado, o/a alumno/a recibirá toda a guía e axuda que precise para a realización dos seus traballos.

Avaliación

Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Proba mixta	Proba escrita que combinará actividades de carácter ensaístico, de análise de fontes.... Para a realización desta proba poderá dividirse a materia en dúas partes, de forma que se realice unha en febreiro/marzo e a outra en xuño.	40
Prácticas a través de TIC	O alumnado deberá utilizar os recursos en rede que se inclúen no Paso 8 desta Guía para realizar unha Antoloxía de Lírica Medieval que será entregada unha vez que rematen as aulas dedicadas á explicación e estudo deste período. As normas para a realización da Antoloxía poden descargarse da plataforma moodle.	15
Presentación oral	Exposicións orais, na aula, en que cada alumno/a realizará a análise e comentario dalgunha das obras de lectura obrigada.	15
Recensión bibliográfica	Texto escrito en que o alumnado comentará, seguindo un roteiro fornecido polo profesorado, algunhas das obras de lectura obrigada.	10
Análise de fontes documentais	Lectura, análise e comentario de códices, textos e/ou paratextos (xornalísticos, narrativos, poéticos, dramáticos, públicos, privados, correspondencia...) que, seguindo o modelo realizado nas aulas prácticas, serán recollidos polo profesorado ao longo do curso.	10
Lecturas	No Paso 8 desta Guía está a relación de obras que o/a alumno/a debe ler ao longo do curso. O control das lecturas será realizado na aula, en paralelo ás exposicións orais.	10

Observacións avaliación

<p>O alumnado que non superar a materia na primeira convocatoria, deberá realizar en xullo aquela(s) parte(s) que non teña superadas, así como entregar todos os traballos obrigatorios. Será considerado NON PRESENTADO/A o alumno ou alumna que non se presente á proba escrita ou non realice a metade das actividades programadas. Os/as alumnos/as que teñan matrícula a tempo parcial e/ou dispensa académica deberán realizar os mesmos traballos e probas que os estudantes con matrícula ordinaria. As datas e horas de realización desas probas poderán concertalas a través do correo electrónico. Para superar a materia, a cualificación mínima da proba escrita deberá ser de 4 puntos sobre 10.</p>
--

Fontes de información



Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none">- Tarrío, Anxo (coord.) (2000). Galicia. Literatura. A Coruña, Hércules- AA. VV. (1996). Historia da literatura galega. Vigo, ANT/AS-PG- Vilavedra, Dolores (1999). Historia da literatura galega. Vigo, Galaxia- Carballo Calero, Ricardo (1982). Historia da literatura galega contemporánea. Vigo, Galaxia- Pena, Xosé Ramón (2002). Historia da literatura medieval galego-portuguesa. Santiago de Compostela, Sotelo Blanco- Tato Fontaiña, Laura (1999). Historia do teatro galego. Das orixes a 1936. Vigo, A Nosa Terra- Rodríguez, Francisco (1990). Literatura galega contemporánea (problemas de método e interpretación). Pontevedra, Cumio- Tarrío, Anxo (1994). Literatura galega. Aportacións a unha historia crítica. Vigo, Xerais- Bernárdez, C. L.; Ínsua, E. X.; Millán Otero, X. M.; Rei Romeu, M.; Tato Fontaiña, L. (2001). Literatura galega. Século XX. Vigo, A Nosa Terra
Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none">- Tavani, Giuseppe (1988). A poesía lírica galego-portuguesa. Vigo, Galaxia- Méndez Ferrín, X. L. (1984). De Pondal a Novoneyra. Vigo, Xerais- Gutiérrez Izquierdo, Ramón (2000). Lecturas de Nós, Introducción á Literatura Galega. Vigo, Xerais- Figueroa, Antón (2001). Nación. Literatura. Identidade. Vigo, Xerais

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías